

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON
FAI SABER:

Que con motivo da **FESTA DE SAN XOÁN 2023**, para poder acender os lumeiros deberase solicitar o correspondente permiso municipal, antes das 13:30 horas do día 20 de xuño no Rexistro Xeral do Concello, sede electrónica ou demais rexistros telemáticos.

Queda prohibido acender lumeiros nas praias, en lugares públicos e tamén en solo rústico ou zonas próximas que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado.

Os lumeiros poderán facerse nos terreos particulares localizados en solo urbano ou en solo rural.
Así mesmo, deberán adoptarse as medidas de precaución seguintes:

- *Previo ó inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro da fogueira.*
- *Non se prenderá lume preto de masas forestais (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.*
- *Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Se iniciada a fogueira se producira a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apagar o lume.*
- *Non se abandonará a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen brasas ou lapas.*
- *En todo momento deberase contar con persoal e material suficiente para o seu debido control.*
- *Deberanse cumprir as seguintes normas de seguridade:*

- *Os lumeiros non poderán exceder de 1 m. de altura*
- *Non se poderán acender a menos de 50 m. das árbores*
- *Teranse á man caldeiros e/ou mangueras de auga.*

Ó remate dos lumeiros deberanse recoller os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita o permiso.

Porto do Son, 31 de maio de 2023

O Alcalde- Presidente,
Asdo,; José Luís Oujo Pouso.

